

ORDENANZA FISCAL Número 16

REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS DENDE A VÍA PÚBLICA A EDIFICACIÓNS, LOCAIS E SOLARES E DAS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA ENTRADA, APARCAMENTOS EXCLUSIVOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE

Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por entrada de vehículos desde a vía pública a edificacións, locais e solares e das reservas de vía pública para entrada, aparcadoiros exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, con ocasión de:

- a) Entradas de vehículos en edificios, vivendas unifamiliares garaxes comúns a vivendas unifamiliares adosadas ou pareadas, locais comerciais e industriais e en xeral, en inmobles de calquera destino, realizada a través de terreos destinados ao uso público.
- b) Reservas permanentes de espazo.

Artigo 3º: - SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor de quen se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios das fincas ou locais a quen dean acceso ás entradas de vehículos.

Artigo 4º: - RESPONSABLES

- 1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º :- COTA TRIBUTARIA

- 1.- A cota tributaria determinarase por aplicación das seguintes tarifas:



"Tarifa Primeira":

Entrada ou paso de carruaxes a inmobles, por metro lineal ou fracción ao ano:

a) En garaxes de vivendas unifamiliares: 6,72 €

b) En garaxes e aparcadoiros de edificios plurifamiliares e garaxes comúns a vivendas unifamiliares acaroadas ou pareadas

Locais de ata 100 m ²	16,82 €
Locais de 101 a 250 m ²	20,18 €
Locais de 251 a 500 m ²	33,61 €
Locais de máis de 500 m ²	47,07 €

c) En locais comerciais e industriais para entrada, carga e descarga de toda clase de mercancías, exposición, venta, reparación e mantemento de vehículos en horario laboral ou comercial:

Locais de ata 100 m ²	33,61 €
Locais de 101 a 250 m ²	40,33 €
Locais de 251 a 500 m ²	50,43 €
Locais de máis de 500 m ²	63,88 €

"Tarifa segunda":

Reserva permanente de espazo, por metro lineal ou fracción ao ano:

a) En garaxes de vivendas unifamiliares:

a.1) - Zona 1: 13,44 €

a.2).- Zona 2: 6,73 €

b) En garaxes e aparcadoiros de edificios plurifamiliares e garaxes comúns a vivendas unifamiliares acaroadas ou pareadas e en locais comerciais e industriais, para entrada, carga e descarga de toda clase de mercancías, exposición, venta, reparación e mantemento de vehículos en horario laboral ou comercial: 13,44 €

Para os efectos desta tarifa, a Zona 1 comprende:

Parroquia de Perillo:

Avda. das Américas
Avenida Santa Cristina
Rúa Xuncal
Rúa Linneo
Rúa Humboldt
Rúa Mendel
Rúa Victor López Seoane
Rúa Miguel Servet
Rúa da Mazota
Rúa do Peixe



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Rúa Darwin
Rúa Rafael Alberti
Praza Chico Mendes
Praza Charles Darwin.
Avda. Ernesto Ché Guevara
Avda. das Mariñas
Avda. Rosalía de Castro
Rúa do Areal
Rúa Tras do Río
Rúa As Garridas
Avda. Valle Inclán, ata Rúa do Romeu e nºs. 20 a 22.
Rúa do Lucín
Rúa do Cántaro
Rúa da Canaveira
Rúa do Cruce
Rúa da Mina
Rúa dos Navás
Rúa da Sella
Avda. da II República
Rúa Roberto Vidal Bolaño
Rúa Francisco Taxes
Rúa Avogadas: Do 8 ata o 10 (só pares)
Rúa das Ondas
Rúa A Revolta
Rúa Pintor Abelenda
Pza da Canteira
Rúa da Barreira
Pza. da Cultura
Rúa do Patín
Rúa O Rueiro
Rúa Tras da Eirexa
Rúa Beiramar
Rúa dos Álamos
Rúa dos Niños
Rúa da Ribeira
Rúa Habitat
Rúa de Cubelos
Rúa do Castaño
Rúa Miradoiro
Rúa da Piscina
Rúa dos Destellos
Rúa Tras das Eiras
Rúa Xenerosa
Rúa dos Gorrións
Rúa do Carballido
Rúa Kenia
Rúa Etiopía
Rúa de Somalia
Rúa Nelson Mandela
Rúa da Golpa
Rúa Namibia



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Rúa Zaire
Rúa Pombal
Rúa Nova
Rúa Mauritania
Rúa Xesteira
Rúa Xosé Neira Vilas
Rúa Corredoira das Viñas

Parroquia de Liáns:

Avda. Concepción Arenal
Rúa do Mar, excepto nº 1 e 4
Rúa Garrucha
Rúa Viñas de Babilonia
Rúa María Soliña
Praza de Liáns
Rúa Néveda
Rúa Daniel Castelao
Rúa do Repicho
Rúa Ricardo Cubeiro
Avda. Emilia Pardo Bazán hasta Rúa do Saber
Avda. Rosalía de Castro
Rúa das Anduriñas: nº 10 ao 18 (só pares)
Avda. Valle Inclán: do 38 ao 42 (só pares), 28 e 28ª.
Avda. das Mariñas
Avda. da Gaiteria
Pza. Antonio Iglesias
Rúa do Enxido
Rúa Icaro
Rúa Perseo
Rúa Galatea
Rúa Helios
Rúa Andrómeda
Rúa Gaia
Rúa Zeus
Rúa Poseidón
Pza. Atenea
Rúa Pegaso
Rúa Eolo
Rúa Prometeo
Rúa Vulcano
Rúa do Sendeiro: do 1 ao 9 (só impares)
Rúa Juno
Rúa Selene
Rúa Minerva
Rúa Diana
Rúa Afrodita
Rúa Apolo
Rúa Mercurio
Rúa Ánade Real
Rúa O Graxal: nº 4 ata 10 (só pares)



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Rúa da Garza
Rúa do Cormorán
Rúa Arao Común
Rúa do Orballo
Rúa da Saraiva
Rúa Arco da Vella
Rúa da Brétema
Rúa da Raiola
Rúa da Choiva
Rúa da Néboa
Rúa da Xiada
Rúa Mazarico
Rúa da Ventoeira
Rúa Follas Novas: do 25 ao 31 (só impares)
Camiño dos Pozos: do 2 ao 6 (só pares)
Rúa Manzaneda
Rúa Ancares
Rúa Xistral
Rúa Courel
Rúa Río Miño
Rúa Río Mandeo
Rúa Río Ulla
Rúa Os Regos
Rúa Río Tambre
Rúa Río Xallas
Rúa Río Sil
Rúa Río Sar
Rúa Río Eume
Rúa Río Eo
Rúa Marcial del Adalid: do 1 ao 9 (só impares)
Rúa Meniños: do 5ª ao 7B (só impares) e do 8 ao 16 (só pares)
Rúa Sofía Casanova: do 2 ao 10 (só pares) e do 1 ao 5 (só impares)
Rúa Fanny Garrido: do 4 ao 16 (só pares) e do 1 ao 9 (só impares)
Rúa Agarimo: do 5 ao 9 (só impares)
Avda. Ernesto Ché Guevara
Rúa Casares Quiroga: do 45 ao 49 (só impares) e do 28 ao 38 (só pares)
Rúa Uxío Novoneyra
Rúa Antón Fragoas
Rúa Manuel Antonio
Rúa Ricardo Calero
Rúa Catasol: do 1 ao 47 (só impares)
Rúa Antonio J. de Sucre
Rúa Sandino
Rúa Máximo Gómez
Rúa Antonio Maceo
Rúa Meixonfrío: do 1 ao 19 (só impares)
Camiño Bastiagueiro Pequeno: do 1 ao 23 (só impares) e do 2 ao 14 (só pares)
Rúa Abrahan Lincoln
Rúa Simón Bolívar
Rúa Carlos M. de Céspedes
Rúa Emiliano Zapata



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Rúa Jacobo Arbenz
Rúa Romardeiro
Rúa José San Martín
Rúa Manuel Gutiérrez Mellado
Rúa Adolfo Suárez González
Rúa María Soliña: nº 1 e 3
Rúa Arandeira: do 1 ao 7 (só impares)
Rúa Francisco Comesaña
Rúa Santiago Álvarez
Rúa Rafael Dieste
Rúa do Saber: nº 1, 1A e 1B.
Rúa Eduardo Blanco Amor
Rúa Enrique Lister
Rúa María Casares
Rúa Suárez Picallo
Rúa da Nogueira
Rúa Dolores Ibarruri
Rúa Río Seixo

Parroquia de Serantes:

Paseo da Lagoa
Rúa Cividanes
Rúa das Escolas
Rúa das Antonas
Rúa Celso Emilio Ferreiro: do 2 ao 14 (só pares) e do 1 ao 27 (só impares)
Rúa Doctor Fleming: do 1 ao 7 (só impares) e do 2 ao 18 (só pares)
Praza da Bahía
Praza do Arxentino
Rúa Lamalonga: nº 13

Parroquia de Oleiros:

Avda. Ramón Nuñez Montero
Praza de Galicia
Praza da Rabadeira
Rúa Ecuador
Rúa Colombia
Rúa Brasil
Rúa Perú
Rúa Chile
Rúa Paraguay
Avda. Francisca Herrera: do 2 ao 22 (só pares) e do 1 ao 37 (só impares)
Rúa Corralón: do 1 ao 25 (só impares) e do 2 ao 34 (só pares)
Rúa Francisco Llorens: do 1 ao 37 (só impares) e do 2 a 12 (só pares)
Rúa do Lío: do 1 ao 19 (só impares) e do 2 ao 22 (só pares)
Rúa Xosé Ruibal: do 2 ao 16 (só pares) e do 1 ao 13 (só impares)
Rúa Camilo Díaz Valiño: 1 e do 2 ao 20 (só pares)
Rúa das Olas: do 2 ao 8 (só pares)
Rúa do Obelisco: do 1 ao 7 (só impares)



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Rúa Leticia
Rúa Eugenio Pardo Conchado
Pza. da Rabadeira
Rúa Miraflores
Rúa Fonte de Álvaro
Rúa Sorolla: do 1 ao 3 (só impares) e do 2 ao 16 (só pares)
Rúa Urbano Lugrís: do 1 ao 15 (só impares) e do 2 ao 14 (só pares)
Rúa Pablo Picasso: do 2 ao 24 (só pares)
Avda. Miguel Hernández: do 1 ao 5 (só impares)
Rúa Charry: nº 1 e 3
Rúa Fonte do Ouro: do 1 ao 5 (só impares)
Rúa Manuel de Falla
Praza Maestro Rodrigo
Rúa das Torres: do 7 ao 11 (só impares)

Parroquia de Maianca:

Rúa Yinín: do 2 ao 40 (só pares)
Rúa Hebrón: do 1 ao 13 (só impares) e do 2 ao 32 (só pares)
Avda. de Palestina: do 1 ao 91 (só impares) e do 2 ao 42 (só pares)
Rúa Sabra: do 2 ao 14 (só pares)
Rúa Gericó: do 1 ao 15 (só impares) e do 2 ao 32 (só pares)
Rúa Gaza: do 2 ao 52 (só pares) e do 1 ao 13 (só impares)
Rúa Caracola: do 2 a 8 (só pares) e do 1 ao 7 (só impares)
Rúa Morro de Canide: do 3 ao 15 (só impares) e do 2 ao 14 (só pares)
Rúa do Caramuxo
Rúa da Zamburiña
Rúa da Xiba
Rúa do Mexillón
Rúa da Vieira
Rúa da Centola
Rúa da Volandeira
Rúa da Chirla
Rúa da Navalla
Rúa do Longueirón
Rúa do Choco
Rúa do Corno
Rúa do Camarón
Rúa do Ourizo
Rúa do Santiaguiño
Rúa Río de Campo: do 2 ao 6E (só pares)
Avda. María Pita: do 48 ao 50E (só pares)
Rúa da Braña: do 1 ao 11 (só impares) e do 2 ao 12 (só pares)
Paseo da Lagoa: do 10 ao 24 (só pares)
Rúa Curros Enríquez: do 1 ao 13 (só impares) e do 2 ao 54 (só pares)
Rúa da Crina
Rúa do Galope
Praza do Curro



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Parroquia de Nós:

Avda. das Mariñas
Rúa Estornino
Rúa da Perdiz
Rúa do Picafollas
Rúa do Pardillo
Rúa do Picaxuncos
Rúa do Carrizo
Rúa do Verderolo
Rúa da Ocarina
Rúa da Dulzaina
Rúa da Bandurria
Rúa do Clarinete
Rúa da Flauta
Rúa da Zanfona
Rúa da Pandeireta
Rúa da Gaita
Rúa Fco. Giner de los Ríos: nº 1, 1ª e 1B
Rúa Mahatma Gandhi
Rúa Salvador de Madariaga: do 51 ao 63 (só impares) e do 64 ao 80 (só pares)
Rúa Pascual Veiga: do 1 ao 19 (só impares)
Rúa Salvador Allende: do 2 ao 24 (só pares), do 38 ao 44 (só pares) e do 1 ao 5 (só impares)
Rúa O Lameiro: do 1 A ao 1K
Rúa Oleiros
Rúa Canteiros
Rúa Ferreiros
Rúa Telleiros
Rúa Cesteiros
Rúa Muiñeiros
Rúa Forneiros
Rúa Menciñeiros
Rúa Xornaleiros
Rúa Abeleira nº 11
Rúa Fiandeiras, nº 12ª
Rúa Piñeiro Manso
Rúa Piñeiro Bravo
Rúa Piñeiro de Pisos
Rúa Piñeiro do País
Rúa do Ourego
Rúa da Menta
Rúa de Anido
Rúa Manuel Murguía: do 1 ao 19 (só impares) e do 12 ao 14 (só pares)
Rúa da Rula: do 1 ao 23 (só impares) e do 6 ao 20 (só pares)
Rúa Alhelís: do 1 ao 3 (só impares) e do 2 ao 12 (só pares)
Rúa O Valiño: do 1 ao 17 (só impares) e do 2 ao 8 (só pares)
Avda. Miguel Hernández: do 12 ao 34 (só pares) e do 21 ao 53 (só impares)
Rúa Cascaeira: do 2 ao 8, 18 e do 30 ata o 38 (só pares) e o nº 1.

Parroquia de Iñás:



Avda. Mariñas
Rúa Barbanza
Rúa Soneira
Rúa Salnés
Rúa Morrazo
Rúa Bergantiños
Rúa Fonte do Ouro: do 18 ao 44 (só pares) e do 49 ao 51 (só impares)
Rúa do Faro: do 2 ao 4 (só pares)
Rúa do Estío: do 1 ao 7 (só impares)
Avda. Espoz y Mina: nº 2
Rúa Toxeiras: do 1 ao 23 (só impares) e do 2 ao 20 (só pares)
Rúa das Silvas: do 1 ao 13 (só impares) e do 2 ao 6 (só pares)
Rúa da Xesta: do 8 ao 24 (só pares) e do 3 ao 19 (só impares).

Artigo 6º: NORMAS DE XESTIÓN

- 1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo, sinalados nas respectivas Tarifas.
- 2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza e formular declaración, acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do Municipio.
- 3.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións en caso de cumprir coas condicións requiridas. No caso de encontrarse con deficiencias, serán notificadas aos interesados para a súa subsanación, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas aquelas.
- 4.- Unha vez outorgada a licenza de ocupación emitirase polo Departamento de Xestión Tributaria do Concello unha liquidación. A eficacia da licenza quedará condicionada ao pago da Taxa.
- 5.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentras non se presente a declaración de baixa polo interesado.
- 6.- A presentación de baixa surtirá efectos a partires do día da súa presentación. A falta de presentación da baixa determinará a obrigaón de continuar aboando a Taxa.
- 7.- As cantidades esixibles de acordo coas Tarifas liquidaranse, agás imposibilidade legal, en función dos metros reais de apertura das entradas.

As cotas de esixibilidade periódica consignaranse nun Padrón que será elaborado anualmente.

- 8.- Cando se realicen aproveitamentos sen licenza ou excedendo do autorizado, practicaranse de oficio as liquidacións que correspondan e se incorporará ao suxeito pasivo correspondente no Padrón da Taxa do exercicio seguinte, así como a imposición das sancións que procedan.

O pago da taxa non supón a adquisición de dereito a realizar o aproveitamento, podendo a Administración municipal adoptar as medidas que procedan para evitar a continuación de aquelas que non poidan ser autorizadas por non cumprir as condicións requiridas, se ben a actuación municipal neste sentido provocará a baixa no Padrón correspondente.

9.- A falta de solicitude non impedirá en ningún caso a esixencia da Taxa, en aqueles casos nos que se esté realizando un aproveitamento. Corresponde á Inspección dos Tributos Municipais o comezo do expediente, dirixido a practicar as liquidacións oportunas, e no seu caso a inclusión do obrigado ao pago no Padrón dos exercicios sucesivos.

As actuacións da Inspección se rexerán polas normas contidas no Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenrolo das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Artigo 7º: PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

1.-O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, neste caso abranguerá desde a data de comezo da utilización privativa ou do aproveitamento especial ata o final do ano natural.

2.-Devindícase a taxa e nace a obrigação de contribuír:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, na data de outorgamento da correspondente licenza. Neste suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para rematar o ano, incluído o do comezo da utilización ou do aproveitamento.

b) Tratándose de concesións de aproveitamento xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada ano natural.

Así mesmo, e no caso de cese na utilización, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte proporcional da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producise a utilización.

3.-O pagamento da taxa pública realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, en réxime de liquidación.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais nas oficinas da Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou nas entidades colaboradoras.

DISPOSICIÓN FINAL: DERROGADA

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partires do 1 de xaneiro de 1.999, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa

DILIXENCIA:

Constátase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998.



Ordenanza 16

Entrada vehículos e Reserva
de Espazo (VADOS)

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 3º, 4º, 5º, 6º e 7º e derrogouse a disposición final, publicándose os seus textos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP N º 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP N º 241 de data 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP N º 248 de data 31 de decembro do 2013.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP N º 235 de data 11 de decembro do 2019.